

## SELECCIÓN DE DOCUMENTOS. TEMA 30. O franquismo política económica

Os documentos cun asterisco están extraídos de exames da PAU

### Doc. 01. Creación do INI, 25 de setembro de 1941\*:

“Artigo 1º. Créase o Instituto Nacional de Industria, entidade de Dereito público, que ten por finalidade propulsar e financiar, en servizo da Nación, a creación e xurdimento de novas industrias, en especial das que se propoñan como fin principal a resolución dos problemas impostos polas esixencias da defensa do país, ou que se dirixan ao desenvolvemento da nosa autarquía económica, ofrecendo ao aforro español un investimento seguro e atractivo”.

### Doc. 02. Informe da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico sobre España, 1963\*:

“España ten necesidade dun plan de desenvolvemento coherente e ben coordinado [...]. Os trazos especiais dun plan de desenvolvemento económico e realista e que teña sentido, desde o punto de vista operativo, dadas as actuais condicións españolas, parecen ser: a) definición dunha orientación xeral da política económica; b) establecemento duns obxectivos xerais realistas e consecuentes; c) un programa de facenda pública; e d) a elaboración dun conxunto de medidas integradas, tendentes a influír nas actividades do sector privado, de acordo cunhas liñas consecuentes cos obxectivos xerais do plan”.

### Doc. 03. A produción de electrodomésticos en España (en miles de unidades)\*:

Anos	Frigoríficos	Lavadoras	Radios	Televisores
1960	28,7	77,3	245,1	39,4
1965	371,8	320,4	446,3	554,7
1970	1.009,3	554,6	432,5	617,9

Fonte: Ramón Tamames, *Estructura económica de España*, Madrid, 1974, vol. II, p. 225.

**Doc. 4. Preámbulo da Lei do 24 de outubro de 1939 de protección ás novas industrias de interese nacional\*:**

“Con motivo da gloriosa Cruzada en que España tivo que superar a crise máis grave da súa historia, púxose de relevo a capital importancia que para a vida da Nación ten contar no territorio patrio coas industrias necesarias para a guerra e as primeiras materias indispensables para a súa vida. A situación da nosa economía esixe, por outra banda, esforzos considerables para redimir España da importación de produtos exóticos. O non lograr ata hoxe, non obstante as posibilidades do mercado interior, que a iniciativa particular satisfaga esas necesidades, aconsella estimular a implantación de tales industrias de acusado interese nacional, concedéndolles certas garantías e beneficios”.

**Doc. 5. Preámbulo do Decreto-Lei do 20 de xullo de 1959, coñecido como «Plan de Estabilización»\*:**

“É indubidable que as medidas restritivas de emerxencia implicaban un carácter transitorio. Superadas aquelas circunstancias, chegou o momento de iniciar unha nova etapa que permita colocar a nosa economía nunha situación de máis ampla liberdade, de acordo coas obrigacións asumidas por España como membro de pleno dereito da OEEC. A maior flexibilidade económica que se establecerá gradualmente non supón en ningún caso que o Estado abdique do dereito e da obrigación de vixiar e fomentar o desenvolvemento económico do país. Pola contra, esta función poderase exercer con maior axilidade suprimindo intervencións hoxe innecesarias”

**Doc. 06. Ingresos de divisas por turismo\*:**

Anos	Millóns de dólares
1955	90,7
1960	297,0
1965	1.156,9
1970	1.680,8

Fonte: Ramón Tamames, *Estructura económica de España*, Madrid, Ed. Guadiana, 1974, vol. II, p. 479

**Doc. 7. “Fundamentos y directrices de un Plan de saneamiento de nuestra economía, armónico con nuestra reconstrucción nacional” (1939), por Francisco Franco\*:**

“O problema máis grande que se lle presenta á economía española é o desnivel desfavorable da nosa balanza de pagos co estranxeiro (...). Suprimilo ten que constituír a directriz principal da nosa política económica, xa que, doutra maneira, se produciría o fenómeno de que a riqueza nacional continúa a esgotarse nesta sangría de centos de millóns que anualmente vai vigorizar a economía dos países exportadores (...). Imponse á nosa política comercial no exterior:

1º. Suprimir importacións que non sexan indispensables.

2º. Reducir aquelas que poidan ter un substitutivo ou permitan esta redución.

3º. Implantación de novas industrias e regadíos que nos faciliten os produtos que hoxe importamos.

4º. Intensificar as nosas exportacións, mesmo primándolas”.

**Doc. 8. O historiador J. L. García Delgado valora así a política autárquica\*:**

“O significado último desa pobreza de resultados durante a etapa inicial do franquismo ten unha dobre dimensión: por unha banda, supón o remate do proceso de crecemento moderado pero mantido que se prolonga en España durante o último terzo do século XIX e o primeiro do XX; por

outra banda, ocasiona o ancheamento da fenda que separa a traxectoria de España respecto á doutros países europeos; unha diferenza que, en ritmos de crecemento e de produto real por habitante, se amplía enormemente durante eses anos. Non se esaxera, por conseguinte, cando se sitúa nese decenio dos anos corenta a pasaxe máis negativa da nosa historia económica e contemporánea, coa cruenta eliminación dos partidos políticos e organizacións de clase, con rixida disciplina laboral e drástica fixación de salarios, con mutilación das liberdades individuais e a perda, nuns casos, e marxinación noutros, dun capital humano irrecuperable. En suma, o fracaso económico correu entón paralelo á regresión política e social”.

**Doc. 9. Decreto-Ley de 20 de xullo de 1959, coñecido como Plan de Estabilización\*:**

“Ao remate da Guerra de Liberación, a economía española tivo que se enfrontar co problema da súa reconstrución, que se vía retardada naqueles momentos pola insuficiencia dos recursos (...) como consecuencia da contenda. A guerra mundial e as repercusións que trouxo consigo aumentaron estas dificultades e pecharon gran parte dos mercados e fontes de aprovisionamento normais (...). Superadas aquelas circunstancias, chegou o momento de iniciar unha nova etapa que permita colocar a nosa economía nunha situación de máis ampla liberdade, de acordo coas obrigas asumidas por España como membro de pleno dereito da OECE. A maior flexibilidade económica que se establecerá gradualmente non supón en ningún caso que o Estado abdique do dereito e da obriga de vixiar e fomentar o desenvolvemento económico do país”.

**Doc.10. O SEAT 600, un dos emblemas do “desarrollismo”\*:**



**Doc. 11. Emigración exterior entre 1951 e 1980\*:**

ANOS	AMÉRICA	EUROPA
1951-60	668.003	-----
1961-70	232.221	779.592
1971-80	51.663	447.794

**Doc. 12. Evolución do número de turistas, 1961-1973\*:**

ANO	Nº (MILLÓNS)
1961	7,4
1964	14,1
1967	17,8
1970	24,1

1973	34,5
------	------

**Doc. 13. Discurso de Francisco Franco (18 de xullo de 1938), en conmemoración do Alzamiento Nacional\*:**

“Correspóndenos a paladinaxe dunha fe, unha civilización e unha cultura gravemente ameazadas polos principios roxo-comunistas (...).

Á irresponsabilidade política dos partidos liberais, sucede a unidade da nosa Cruzada, organicamente constituída; a un Estado neutro e sen ideais, substitúeo o misionale totalitario, que orienta ao pobo sinalándolle o camiño (...). Hai que soldar ao pobo, dividido polos partidos; hai que unir medio século de separacións; hai que borrar os prexuízos da loita de clases (...); hai que elevar os principios do Movemento”.

**Doc. 14. “Fundamentos e directrices dun Plano de saneamento da nosa economía, harmónico coa nosa reconstrución nacional” (1939), por Francisco Franco\*:**

“Imponse á nosa política comercial no exterior:

1º. Suprimir importacións que non sexan indispensables.

2º. Reducir aquelas que poidan ter un substitutivo ou permitan esta redución.

3º. Implantación de novas industrias e regos que nos faciliten os produtos que hoxe importamos.

4º. Intensificar as nosas exportacións, mesmo primándoas”.

**Doc. 15. Cartilla de racionamento, 1952\*:**



**Doc. 16. Entrevista entre Franco e Hitler en Hendaia (1940)\*:**



**Doc. 17. En decembro de 1946, a Asemblea Xeral da ONU condena o réxime de Franco\*:**

“A) Pola súa orixe, natureza, estrutura e comportamento xeral, o réxime de Franco é un réxime fascista, organizado e implantado en grande parte mercede á axuda da Alemaña nazi e da Italia fascista de Mussolini.

B) Durante a longa loita das Nacións Unidas contra Hitler e Mussolini, Franco prestou unha axuda moi considerable ás potencias inimigas, malia as continuas protestas dos aliados (...).

A Asemblea Xeral (...), recomenda que se prohíba ao Goberno de Franco pertencer aos organismos internacionais creados polas Nacións Unidas ou relacionados con elas (...).

Así mesmo, a Asemblea recomenda que todos os Estados membros das Nacións Unidas retiren inmediatamente os embaixadores e ministros plenipotenciarios que teñen acreditados en Madrid”.

## Doc. 18. O mercado do trigo

CAMPAÑAS	% TRIGO VENDIDO NO MERCADO NEGRO
1941-42	52%
1943-44	57%
1945-46	59%
1947-48	61%
1949-50	58%
1951-52	24%
1953-54	46%
1955-56	23%

José Emilio CASTELLÓ. **España: siglo XX. 1939-1978.** 1993 [castelán]

## Doc. 19. As razóns do cambio económico de 1959:

Por que se produciu o cambio radical que supoñía o abandono dunha política económica orientada á contemplación do mercado interno [...] intervencionista e a implantación dunha política de apertura e liberalización interna e exterior da economía? Creo que poden encontrarse tres motivos distintos aínda que coincidentes [...].

Primeiro: a creación de estudos universitarios de Economía. Non é posible explicar as medidas e o cambio de política económica de 1959 sen ese decisivo apoio. [...]

Segundo e fundamental motivo do cambio [...] deuno a propia marcha da economía española. A defensa dos economistas dunha política distinta da aplicada contou coa oportunidade que lle concedía o esgotamento do modelo de desenvolvemento económico seguido polo país entre 1940 e 1959 [...].

Terceiro e decisivo motivo do cambio da política económica foi o ingreso de España nos organismos internacionais.

Enrique FUENTES QUINTANA. **O Plano de Estabilización Económica de 1959.**

1984 [castelán]